

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA (FEVEGA), PARA O MANTEMENTO DE OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS EN GALICIA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación Venezolana de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrència pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos derivados do mantemento das oficinas de información e asesoramento da Federación Venezolana de Galicia ás persoas emigrantes galegas retornadas á Comunidade Autónoma galega, así como un servizo de información e asesoramento itinerante. As ditas oficinas e o servizo itinerante teñen como finalidade realizar actividades de información e asesoramento ás persoas emigrantes retornadas a esta Comunidade Autónoma procedentes de xeito preferente desde Venezuela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación Venezolana de Galicia, que ten a súa sede social no concello de Vigo, é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico, que naceu no ano 2009 co obxectivo de apoiar aos socios e ás socias nos seus ámbitos de actuación e desenvolver accións de atención ás persoas emigrantes retornadas no seu proceso de integración social, laboral e cultural nesta Comunidade Autónoma. Segundo os últimos datos publicados polo INE, as persoas emigrantes procedentes de Venezuela continúan ocupando o primeiro lugar no seu retorno a Galicia, polo que, tendo en conta que se trata da única federación na comunidade autónoma galega que aglutina a asociacións de venezolanos/as, é de especial relevancia a función da federación na atención que



desempeña nas primeiras fases do retorno deste colectivo, prestándolle a información e o asesoramento necesario para acadar con éxito a súa inserción laboral, social e cultural. Por este motivo, desde o ano 2017 está a colaborar con esta entidade para prestar estes servizos a través das oficinas de información e asesoramento, así como do servizo de información e asesoramento itinerante.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

